

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE LUGO PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIAÍSTICOS INCLÚIDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO PRESENTE CONVENIO

Santiago de Compostela,

22 ABR. 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura e Turismo, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, Mons. D. Alfonso Carrasco Rouco, actuando en representación da Diocese de Lugo, en virtude da súa condición de Bispo, titular e responsable da diocese.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

SEGUNDO: Que conforme o artigo 4º do *"Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa"*, formalizado polo "Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia" asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico

e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

TERCEIRO: Que a Consellería de Cultura e Turismo, dentro dos ámbitos da súa competencia, ten establecido un plan de investimentos a realizar co obxecto de conservar, restaurar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, colaborando así cos seus propietarios e xestores, que se comprometen a poñer a disposición da sociedade o seu patrimonio cultural e a mantelo e a utilizalo de forma axeitada para garantir a conservación dos valores culturais que xustificaron a súa protección.

CUARTO: Que a Igrexa Católica é a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia recoñece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

QUINTO: Que a Diocese de Lugo ten a facultade de poñer a disposición da Consellería de Cultura e Turismo os bens culturais que se relacionan no Anexo de Intervencións que acompaña ao presente convenio. Entre estes bens pódense atopar edificios, retablos, pinturas murais e outros bens artísticos de natureza inmovle, posuidores de valor cultural e protexidos ao seren considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura e Turismo e a Diocese de Lugo para a **posta a disposición dos terreos e inmoables necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmoables eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente Convenio.**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos inmoables incluídos nos listado de actuacións do presente convenio podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais dos inmoables ou as decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas no anexo de intervencións e así evitar a perda destes bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia. Por outra banda, as intervencións



obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

No Anexo de Intervencións que forma parte do presente convenio recóllese de forma ordenada a relación de inmobles sobre os que se ten previsto actuar, identificándoos e indicando para cada un deles o seu réxime de protección e o obxecto da actuación que se pretende desenvolver, así como os datos representativos do proxecto de restauración e obras para as que se acorda a posta a disposición dos terreos e inmobles.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

A Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións relacionadas no Anexo de Intervencións do presente Convenio, ou das sucesivas addendas, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das súas dispoñibilidades económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos.

A Consellería de Cultura e Turismo, conforme á lexislación de aplicación e á tramitación e procedementos establecidos para a contratación polas administración públicas, supervisará e aprobará os proxectos e contratará as obras e servizos relacionados no Anexo de Intervencións do presente convenio.

A Consellería de Cultura e Turismo a través dos seus servizos técnicos e dos profesionais alleos contratados para realizar a dirección facultativa dos traballos, realizará o seguimento das obras e o control económico e técnico das mesmas.

A relación de obras recollidas no anexo así como a relación de inmobles eclesiásticos que van a ser obxecto das intervencións poden ser obxecto de modificación ao longo do período de vixencia do presente convenio, incorporando novos edificios, bens e intervencións ou retirando os xa incorporados nos que non sexa posible chegar a formalizar a contratación das obras. Estas variacións do listado incluído no Anexo de Intervencións serán recollidas en sucesivas addendas ao presente convenio que teñan por obxecto a actualización da lista de intervencións previstas ao abeiro do mesmo.

Para aqueles inmobles que se retiren do Anexo de Intervencións, a posta a disposición de terreos e inmobles necesarios para a execución da obra realizada polo titular do ben a favor da Consellería de Cultura e Turismo quedará sen efecto, non asumindo por isto a consellería ningún outro compromiso ou responsabilidade ante o propietario.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA DIOCESE DE LUGO

Pola súa banda, a Diocese de Lugo autoriza a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura e Turismo para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

Unha vez rematadas as obras, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidas as obras pola Consellería de Cultura e Turismo, poñerá no seu coñecemento, entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.

CUARTA.- COMISIÓN PARITARIA

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

QUINTA.- RESOLUCIÓN

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das obras a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición. En calquera caso, a duración do presente convenio será determinada e non superior aos catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior, de acordo co artigo 49.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMA: PUBLICIDADE

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



OITAVA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14,2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

NOVENA.- RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura e Turismo



Roman Rodríguez González

O bispo da Diocese de Lugo

+ 

Alfonso Carrasco Rouco

**ANEXO 1 DE ACTUACIÓNS VINCULADAS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E A DIOCESE DE LUGO****BEN:** Igrexa de santa Baia de Palio**SITUACIÓN:** Santa Baia, Cercio, Lalín (Pontevedra)**PROTECCIÓN:** A Igrexa de santa Baia de Palio é un ben catalogado ao estar incluída no Catálogo de Protección do PXOM do Concello de Lalín do 5.02.1999 (BOP 8.03.1999) co núm. 2-52 e polo tanto é un ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, segundo o artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.**ACTUACIÓN:** PBE da segunda fase de restauración da igrexa de santa Baia de Palio, Cercio, Lalín. Paramentos e tribuna (exp. 2017/224)**INVERSIÓN ESTIMADA:** 43.192,81 € (IVE incluído)**PRAZO DE EXECUCIÓN:** 3 meses**DESCRICIÓN:**

As orixes da Igrexa de santa Baia de Palio remóntanse a época prerrománica cun primeiro templo que sería destruído posteriormente debido, segundo a tradición oral, a unhas fortes tormentas. Cos restos recuperados daquel derribo construírse outro edificio que aparece nomeado en documentos do século XIII. Este novo templo tiña unha nave e unha ábsida, sendo a súa configuración similar á actual coa excepción da sancristía e a espadana (que se construíron na época moderna transformando a configuración orixinal do conxunto).

Entre os anos 2016 e 2017 a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural realizou obras de restauración que consistiron na execución dunha nova cuberta da igrexa e sancristía, recuperando o volume orixinal do templo. Tamén se executou unha drenaxe perimetral, saneado e drenaxe do pavimento interior coa recuperación do nivel de uso da ábsida, restauración do acceso ao adro dende o camiño e preinstalación eléctrica.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Esta segunda fase continúa coa restauración do edificio, para poder usalo en condicións de correcta habitabilidade así como acondicionar o espazo do adro para uso dos veciños do lugar.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto. Estes traballos resúmense en:

- Acabado das fachadas mediante revoco de morteiro de cal nas zonas de cachotería e rexuntado con morteiro de cal das zonas de perpiaño.
- Recolocación e restauración da tribuna de madeira que foi desmontada para poder executar a primeira fase.
- Execución da instalación eléctrica e iluminación do interior do edificio.
- Dotar dun punto de abastecemento de auga para labores de limpeza e mantemento.
- Restauración do muro de cachotería do adro, parcialmente derruído nalgúns puntos.
- Restauración do pavimento antigo existente no adro e execución dun novo pavimento noutras zonas, así como execución de muro de granito a modo de banco.



**BEN:** Igrexa de santa Baia de Palio**SITUACIÓN:** Santa Baia, Cercio, Lalín (Pontevedra)

PROTECCIÓN: A Igrexa de santa Baia de Palio é un ben catalogado ao estar incluída no Catálogo de Protección do PXOM do Concello de Lalín do 5.02.1999 (BOP 8.03.1999) coa referencia 2-52 e polo tanto é un ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, segundo o artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

ACTUACIÓN: Restauración da policromía mural da nave da igrexa de santa Baia de Palio (exp. 2018/219)**INVERSIÓN ESTIMADA:** 52.840,70 € (IVE incluído)**PAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO:** 6 meses**DESCRICIÓN:**

Cómpre destacar que as pinturas murais existentes no templo, exceptuando as do testeiro, non parecen corresponderse cunha época temperá do edificio. Non aparentan ser pinturas medievais e xa algún autor apunta a que poderían ser modernas, sen especificar período, senón no sentido de post-medievais.

García Iglesias, un dos autores con máis bibliografía no relativo á pintura mural en Galicia, afirma que os motivos de bandas remarcando a arquitectura son habituais tras o Concilio de Trento, e ata o s XVII, pero estas poderían ser máis tardías.

O arco triunfal destaca sobre o conxunto xa que sen dúbida é o elemento onde máis protagonismo teñen as pinturas, ademais de ser relevante estrutural e simbolicamente, no referido ao plano arquitectónico. É onde máis restos de pintura observamos e ademais onde mellor se aprecian tanto os motivos representados como a gama cromática.

Facendo unha lectura estratigráfica, ata onde permite a observación directa, na ábsida vemos a franxa bicolor azul-avermellada e debaixo restos dunha anterior en tons negro-avermellado, pero sen realizar as catas non coñecemos canta cantidade queda de cada unha delas.

O máis reseñable atópase no muro testeiro da cabeceira onde, unha vez retirado o retablo maior, atopáronse restos figurativos coa representación dos catro evanxelistas, intuíndose figuras de anxos.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Tendo en conta o grao de degradación do conxunto mural e o risco de colapso, propónse a súa restauración co obxecto de completar os traballos de recuperación do inmovible comezados en 2017.


Os danos foron causados por causas antropoxénicas e por graves deficiencias arquitectónicas que se mantiveron no tempo e que son os seguintes:

- Encalado en toda a súa superficie. Desencalados parciais e catas.
- Grandes oquedades entre o morteiro e o muro localizadas en todo o muro. As máis perigosas polas súas dimensións localízanse no arco triunfal, tanto na súa cara este coma na oeste.
- Desencalados parciais que produciron a perda de policromía, deixando a pegada dos detalles (isto sucede especialmente no ámbito do presbiterio)
- Perda de adhesión da capa de cor : desagregación, pulverulencia...
- Pátinas de biodeterioro
- Costras salinas

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto. Estes traballos resúmense en:

- Estudos históricos e artísticos.
- Controis temporais de temperatura e humidade.
- Estudos lumínicos e/ou radiográficos, análises de policromías e morteiros, análises do soporte pétreo e análises biolóxicas.





- Elaboración de mapas do estado de conservación.
- Redacción do proxecto.
- Eliminación de morteiros e concrecións alleos á obra.
- Limpeza da superficie.
- Tratamentos contra o biodeterioro. Aplicación de biocida por toda a superficie que alberga os paramentos murais policromados que se amosen afectados por colonizacións biolóxicas.
- Consolidación do soporte.
- Fixación de estratos polícromos.
- Reposición de morteiros.
- Reintegración cromática.
- Redacción do informe final.





BEN: Igrexa de Pinol (parroquial de san Vincenzo)

SITUACIÓN: Lugar Campo Igrexa, Pinol, Sober (Lugo)

PROTECCIÓN: A Igrexa de san Vincenzo de Pinol é un ben catalogado ao estar incluída no Catálogo de Protección do PXOM do Concello de Sober do 05.04.2013 (publicado no DOG 18.04.2013) coa clave de identificación núm. 30 e polo tanto é un ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, segundo o artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Incluída tamén nas Normas Subsidiarias Provinciais de Planeamento.

ACTUACIÓN: Restauración do conxunto mural da nave principal da igrexa de Pinol (exp.: 2018/216)

INVERSIÓN ESTIMADA: 136.881,93 € (IVE incluído) PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 9 meses

DESCRICIÓN:

A Igrexa parroquial de san Vincenzo de Pinol mantén a súa estrutura orixinal románica rural de comezo do século XIII, con planta de cruz latina, arco triunfal de medio punto e ábsida rectangular con bóveda de canón. Na fachada principal a igrexa ten unha portada con arquivoltas e rosetón de pedra.

Os muros da nave principal da igrexa son de cantería con algunhas marcas de canteiro na súa fachada oeste que polo seu interior conta con varias capas de encalado que ocultan as pinturas murais. Ten unha cuberta de par e tirante a media altura policromada, pontóns e enlatado de madeira de castiñeiro ademais de estribos, tirantes e unhas pezas en ménsula decoradas con motivos xeométricos, zoomorfos ou cabezas humanas. O material de cubrición é tella árabe e o seu pavimento interior é de pranchas de granito en bo estado de conservación.

A fábrica do cruceiro é de cachotería irregular con cantería nas esquinas cun acabado exterior de revoco á mourisca. Polo interior o seus paramentos están encalados e ocultan pinturas murais dunha cronoloxía posterior ás da nave principal.

Nos muros norte e sur da nave e o arco triunfal que une os dous muros desenvólvense uns temas iconográficos ocultos parcialmente por cales, nas que hai abertas unhas catas polas que asoman os elementos iconográficos, e noutras zonas fíxose un desencalado realizado por mans non profesionais. O estilo das iconografías sitúase como obra de principios do século XVI á maneira hispano-flamenca.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Os danos nas pinturas foron causados por causas antropoxénicas e por graves deficiencias arquitectónicas que se mantiveron no tempo, e son os seguintes:

- Encalado en toda a súa superficie. Desencalados parciais e catas
- Colonizacións biolóxicas. Manchas de escorrentías
- Grandes oquedades entre o morteiro e o muro localizadas en todo o paramento. As máis perigosas polas súas dimensións localízanse no enlucido na zona inferior do coro, ao longo e ao ancho dese tramo
- Desencalados parciais que produciron a perda de policromía, deixando a pegada dos detalles. Isto sucede sobre todo nas catro escenas localizadas baixo o coro
- Perda de adhesión da capa de cor

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto. Estes traballos resúmense en:

- Estudos históricos e artísticos.
- Controis temporais de temperatura e humidade.
- Estudos lumínicos e/ou radiográficos, análises de policromías e morteiros, análises do soporte pétreo e análises biolóxicas.
- Elaboración de mapas do estado de conservación.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio administrativo de San Caetano
Bloque 3 - 2º
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 54 48 09 Fax: 981 54 48 30
patrimonio.cultura@xunta.gal

Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

galicia

- Redacción do proxecto.
- Eliminación de morteiros e concrecións alleos á obra.
- Limpeza da superficie .
- Tratamentos contra o biodeterioro. Aplicación de biocida por toda a superficie que alberga os paramentos murais policromados que se amosen afectados por colonizacións biolóxicas.
- Consolidación do soporte.
- Fixación de estratos policromos.
- Reposición de morteiros.
- Reintegración cromática.
- Controis dos procesos de secado.
- Redacción do informe final.



**BEN:** Igrexa de san Xiao de Ventosa**SITUACIÓN:** Ventosa, Agolada (Pontevedra)

PROTECCIÓN: A Igrexa de san Xiao de Ventosa é un ben catalogado ao estar incluída no Inventario das Normas Subsidiarias de planeamento da provincia de PO e polo tanto é un ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, segundo o artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

ACTUACIÓN: Actuacións de conservación e restauración da igrexa de San Xiao de Ventosa, Agolada**INVERSIÓN ESTIMADA:** 55.000,00 €**PRAZO DE EXECUCIÓN:** 15 meses**DESCRICIÓN:**

A igrexa ten orixe medieval que pode datarse a finais do século XII.

A igrexa primixenia é dunha nave cunha ábsida probablemente rectangular. Foi ampliada primeiro no S. XVI cando se incorporou o cruceiro actual e logo no XIX cando se lle acaroou a sancristía actual. A fachada oeste conta cunha portada de dúas arquivoltas semicirculares sobre catro columnas, chambrana con follas lanceoladas, saeteira superior e unha espadana central de dobre van. A fachada sur conta cunha porta de unha arquivolta semicircular sobre dúas columnas, chambrana con triángulos, tímpano liso sobre mochetas e capiteis vexetais. Na nave medieval o beiril descansa sobre canzorros nos muros norte e sur, muros que aínda conservan os apoios de posibles cabidos laterais.

O interior alberga sen dúbida os elementos de maior valor: un conxunto escultórico de dous baldaquinos pétreos desmontados e dispostos nos muros das naves, parte no sepulcro e un conxunto de pintura mural sobre os muros.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

As últimas intervencións no inmovible, documentadas no arquivo da SXCRBBCC, son de 2000-2004. Consistiron na restauración da cuberta e execución de revocaduras de cal na nave do cruceiro e restauración das pinturas murais e do conxunto escultórico pétreo. A parroquia promoveu a restauración dun retablo con posterioridade.

A día de hoxe, comprobouse que existen deficiencias na igrexa que comprometen a conservación dos elementos con maior valor cultural, debido á presenza de humidade no interior. Están producíndose filtracións no encontro da cuberta co muro oeste e pola coroación deste muro que están afectando á portada románica e ao interior da nave románica. Por unha banda modifican ás condicións de humidade dos conxuntos mural e pétreo que amosan alteracións cromáticas e depósitos. Por outra é probable que estas filtracións xunto co feito de que as xuntas sexan de morteiro de cemento estén afectando á conservación dos elementos decorativos da fachada oeste -portada románica e campanario- que presentan biodepósitos e perdas de volume.

As condicións de humidade negativas están relacionadas tamén cunha ventilación deficiente, xa que as aperturas románicas da nave están totalmente pechadas e a carpintería exterior de madeira non incorpora ningún elemento de ventilación. A porta sur e as ventás están deterioradas polo paso do tempo e existe algún elemento realizado con materiais non axeitados, polo que requiren a súa restauración e/ou substitución.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto. Estes traballos resúmense en:

- Redacción do PBE que defina en detalle á intervención a realizar nos elementos construtivos e no conxunto mural.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio administrativo de San Caetano
Bloque 3 - 2º
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 54 48 09 Fax: 981 54 48 30
patrimonio.cultura@xunta.gal

Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

galicia

- Execución das obras previstas nese proxecto que comprenderán os traballos necesarios de conservación para dotar ao edificio das condicións de humidade axeitadas para garantir a súa conservación e a dos elementos singulares que contén.
- Dirección facultativa destas obras

